

O NENO CAN

(CONTINUACIÓN)



**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
IES ALEXANDRE BOVEDA
VIGO
NADAL 2012**

LIMIAR

Este volume contén unha selección de contos feitos polo alumnado de 2º de ESO do noso centro. Son continuación de cada un dos relatos do libro de lectura da primeira avaliación titulado *O neno can*, escrito por Francisco Castro e Fina Casalderrey e publicado pola editorial Galaxia.

O libro trata dos dereitos do neno e quere concienciar sobre a importancia do seu cumprimento. A rapazada de 2º de ESO reflexionou sobre este tema na aula e decidimos elaborar o presente volume. Pensamos que sería un bo exercicio para o alumnado que continuasen os contos de Francisco Castro e Fina Casalderrey e redactasen unhas 200 ou 300 palabras máis de cada un. Na maioría dos contos pódese comprobar o idealismo do alumnado a esta idade e o remate con final feliz.

Esperamos desde o Departamento de Lingua Galega e Literatura que a lectura deste feixe de contos sirva para demostrarmos que nada do que fagamos nun centro de ensino é baleiro, todo é importante. Hoxe, máis ca nunca, o futuro da nosa xuventude pasa pola súa concienciación diante das eivas da nosa sociedade. Debemos ser máis integradores e menos esmagadores.

O NENO CAN

Ángel Castro Fernandes 2º ESO-C

Aakesh segue a beber máis, no entanto decátase de que os nenos están a pasalo en grande e como que ten vontade de ir xogar con eles, recorda o que lle dixeron antes os rapaces e quítanselle as ganas de ir xogar. Mentres tanto, Choiva divírtese correndo detrás dos parrulos. De repente Choiva detense en seco e vai correndo xunta Aakesh e mételle unha lambetada na face. Aakesh respóndelle aloumiñándolle a cabeza. Choiva sabe que ao seu amigo pásalle algo, mais non sabe o que. Aakesh decide volver para a casa e antes decide coller unha migalla de pan con carne que deixara un neno do aniversario enriba dun banco do parque. Así a avoa Mayanin podería, por esta vez, comer algo con xeito. Cando chegan á casa, Aakesh dálle un bico á súa avoa, entrégalle o anaco de pan con carne e dille:

-Toma isto, é para ti.

-Moitas grazas, meu pequecho -responde a avoa- Se non fose por ti, hoxe non ceaba máis nada.

E Aakesh respóndelle cun sorriso de orella a orella. Esta vez, Choiva decide entrar na casa, e vai onda a avoa, e senta no seu colo. Mayanin dálle unha aperta a Choiva e dille:

-Que pasou canciño, queres un anaco de carne?

Choiva, respóndelle movendo o rabo para que lle bote un anaco de carne. Despois dun intre, os tres van durmir. Ao día seguinte, Choiva e mais Aakesh marchan para ir buscar un pouco de comida. Aakesh detense e fica quieto ollando para Lanka, que paseaba pola rúa con quen semellaban ser os seus pais. Lanka olla para Aakesh e dille:

-Ola. Que fas ti só pola rúa?

-Estou buscando comida con Choiva -responde Aakesh.

De súpeto, Lanka tira dunha bolsiña catro boliños recheos de crema e dállos a Aakesh. Este, moi agradecido, dálle un bico na meixela. Lanka toda vermella dille:

-Non me tes por que dar as grazas. Ademais, sei que onte o pasaches mal por culpa dos meus amigos.

-Non te preocupes, a culpa non foi túa. Sempre hai xente que porque vivas na rúa

xa te discrimina -dille Aakesh.

Despois despídense e cada un marcha polo seu camiño e Aakesh pensa que ao final, Lanka é unha excelentísima persoa. Seguindo pola rúa, Aakesh volve ver o mesmo contedor no que a empregada dos grandes almacéns lles quería bater coas caixas. Miran dentro, antes de que chegue a muller, mais esta vez está baleiro e voltan para a casa.

Cando chegan, a avoa non estaba, o que lles pareceu estraño e esperaron a que chegase. Xa era o anoitecer cando por fin chegou a avoa Mayanin cunha bolsa chea de comida.

-Que traes nesa bolsa? -pregunta Aakesh.

-Traio comida, polo menos para unha semana -di a avoa.

-De onde a sacaches? -pregunta o neno.

-Resulta que abriron un comedor social, aquí moi cerquiña da nosa casa. Parece ser, que á parte de dar comidas tamén dan alimentos.

-Pois que ben! Porque a partir de agora non terei que andar pola rúa buscando comida.

Tanto o neto como a avoa ficaron contentos pola boa nova. Choiva tamén parecía ter entendido toda a conversa, polo que movía o rabo. Ao día seguinte pola mañá, Aakesh acórdase e vai onda a bolsa que trouxo a avoa, colle un par de bolachas e ademais dálle outra a Choiva. Este moi contento zámpaa nun abrir e pechar de ollos. Aakesh decide ir dar unha volta e ve un avión teledirixido na xoguetería e pensa para el mesmo "Oxalá puidese compralo". Pero sabe que non pode ser porque nin sequera poden comprar comida na tenda. Todo enfurruñado marcha e vai xunta as Casas de Cores e mira a Lanka xogar co avión teledirixido e pensa que Lanka ten unha sorte aporvante, ten os dous pais, vive nunha casa con auga,...Lanka mira para Aakesh e faille un aceno coa man para que vaia e dille:

-Queres xogar co avión?

-Se me deixas, pois claro que si -contesta Aakesh-. Es a mellor amiga do mundo. Non sei por que es tan boa comigo.

-Porque quero que esteas a gusto.

Aakesh marabillado pensa que aínda que haxa moita xente mala, as boas persoas sempre existirán no mundo.

O NENO CAN

Carmen Alonso Barreiro 2º ESO-F

Despois de que Aakesh rematara de beber foi correndo xunto a Lanka, que xa estaba cos seus amigos, para preguntarlle se quedaban ao día seguinte no parque. Cando Lanka se decatou de que Aakesh viña canda ela, por medo a que esta vez os seus amigos a excluían por estar cun rapaz farrapento coma el, ignorouno. Aakesh non entendía nada. Primeiro dáballe un bico na meixela e agora pasaba del.

Os amigos de Lanka, contentos porque ignorou a Aakesh, seguiron xogando. Pero Lanka xa non tiña ganas de xogar nin de divertirse, tiña unha sensación que nunca antes experimentara, era unha sensación parecida á pena.

Despois de que terminara a festa volveu á súa casa e cando xa estaba na cama comezou a pensar en Aakesh e en Choiva e decatouse da sorte que tiña de ter unha casa, de ter uns pais, de ter roupa e de ter algo que comer todos os días. Despois pensou que o importante non é a superficie das persoas, é o seu interior.

Ao día seguinte volveu ver a Aakesh e a Choiva buscando comida nas papeleiras, achegouse a eles e Aakesh, enfadado exclamou:

-Agora xa non tes vergoña de estar cun rapaz farrapento coma min?

Lanka, arrepentida, dixo:

-Síntoo moito, non tiven que facer caso aos meus amigos. O importante non é se es pobre ou rico, se vistes ben ou non, o importante é o interior. Dáme igual o que pensen os demais.

Aakesh viu na mirada daquela nena uns ollos cheos de arrepentimento. Pareceu que Choiva tamén se decatara porque foi cara a Lanka e lle acariñou a perna como só llo facía a Aakesh.

O neno, que tiña unha gran capacidade de comprensión, perdoouna e desde entón non se separaron, fixéronse os mellores amigos.

Pero un día os dous estaban no parque cando apareceu o pai de Lanka para levala á casa e viu a Aakesh. El cría que o pai de Lanka se ía enfadar con ela por estar cun rapaz pobre coma el, pero polo contrario o pai, contento, foi canda Aakesh e presentouse:

-Ola, son Alfredo, o pai de Lanka. Como te chamas?

-Aakesh.

-Aakesh, que bonito nome.

A Aakesh encantoulle que lle dixera iso, era a única vez que llo dixeran.

-Cóntame Aakesh, onde vives?

-Non teño casa.

-E con quen vives?

-Con Mayanin, miña avoa, porque non teño pais.

Alfredo e Aakesh seguiron falando e un tempo despois Lanka e o seu pai foron para a casa e Aakesh foi xunto a súa avoa.

Alfredo, ao chegar á casa faloulle de Aakesh á súa muller e ambos os dous estiveron de acordo en axudalo.

Alfredo tiña unha empresa moi grande polo que a familia de Lanka tiña bastantes cartos. De súpeto, ao pai de Lanka ocorréuselle unha grande idea. Entón, ao día seguinte Lanka e mais el estiveron no parque agardando a Aakesh e cando este chegou Alfredo comentoulle a súa idea:

-Aakesh, que che parece se ti, Choiva e túa avoa vides vivir á nosa casa? Nós temos espazo de sobra.

Aakesh emocionado aceptou e foi correndo a xunto da súa avoa para darlle as boas novas.

Ambos os dous moi agradecidos con Lanka e a súa familia recolleron as súas cousas, que non eran moitas, e entraron no coche de Alfredo.

Aakesh, Mayanin e Choiva chegaron á súa nova casa e coñeceron á muller de Alfredo.

A avoa de Aakesh dixo:

-De verdade que non sei como agradecerlles isto.

Sonia, que era a muller de Alfredo, exclamou:

-Que sexades felices e que teñades unha oportunidade de comezar unha nova vida nas condicións adecuadas. É a nosa recompensa.

Dende entón ambas as dúas familias viviron xuntas e así demostraron que o importante non é o exterior, senón o corazón das persoas.

O NENO CAN

Iago Feal Lois 2º ESO-E

Ana e Kai quedan en verse o día seguinte e marchan cada un para a súa casa. O meniño da rúa está cheo de ledicia por ter atopado unha amiga. Contra o solpor, cando chega ao seu fogar, senta nun tallo de madeira a lembrar o ocorrido neste intenso día. Néboa acompañaalle no sentimento, pois coñecer a Ana tamén converte o de hoxe nun bo día. Cae a noite e os dous aníñanse nos mollados farrapos que lles fan de colchón dispostos a durmir.

Co novo día Kai e Néboa queren prepararse para a cita, mais non teñen moito con que facelo. O seu inexistente armario sempre estivo baleiro. Mentres camiñan, gozando coma sempre da mutua compañía, atópanse de novo coa muller que lles quixera bater o día anterior. Asustados, botan a correr cara ao río. Pronto chegan ao punto de encontro, onde xa está Ana esperándoos. Con sorpresa descubren que a nena leva unha roupa estraña e colorida e Ana dilles que con tanta calor parécelle que sería unha boa idea bañarse no río e gustaríalle que a acompañasen. Kai e Néboa aceptan a proposta e métense na auga. Kai non ten un bañador para poñerse e deixando a camisa na beira entra rápido na auga.

Ana xa descubrira a véspera que a Kai e Néboa acaeríalles ben un bo baño, polo que decidira que invitalos a xogar con ela no río sería unha boa ocasión para ofrecerlles xabón e animalos a lavarse sen que se puidesen sentir ofendidos. Kai non lembraba xa o tempo que había que non se lavaba. É máis, non lembraba terse nunca lavado cun recendente xabón coma aquel. Esfregou ben a escura pel do seu corpo e, despois de se aclarar, fixo o mesmo con Néboa. Ana quixo completar o traballo dándolle roupa que xa non lle servía ao seu irmán para que a trocase pola súa.

Máis tarde do refrescante baño saíron dar un paseo. Mentres camiñaban gozando da compañía e os xogos de Néboa, atopáronse coa vella que ameazara a Kai o día anterior. Ao se cruzaren con ela descubren o seu abraio ante o cambio de Kai e Néboa. Ana, ao decatarse do sucedido, díxolle: Non se deixe enganar, segue a ser o mesmo rapaz de onte. A aparencia dunha persoa non é importante.

O NENO CAN

Laura Fernández Carrera 2 ESO-A

Uns días máis tarde, Aakesh e Choiva, mentres buscaban comida, atoparon a nena de novo, a que tiña como nome Lanka. Era una nena de bo corazón, por iso cando os viu, lembrouse de novo do “neno can” e preguntoulle que estaba a facer e estes responderon simplemente “buscar comida”. A nena, sorprendida por aquela resposta dixo:

-E por que non tes nin casa, nin auga, nin comida?

-Pois... porque os meus pais morreron e a miña avoa non ten idade para traballar, por iso non temos diñeiro e, polo tanto, todas esas cousas...

-Pois...síntoo moito, de verdade. Oxalá puidese axudar.... Espera! Teño una idea! Falarei coa miña nai e veremos como axudarvos.

O día seguinte ela voltou ao mesmo sitio e atopouno buscando comida de novo, achegouse e díxolle:

-Síntoo moito porque non puiden falar coa miña nai, no entanto tróuxenche comida e un pouco de auga.

E deulle un anaco de pan con queixo que Aakesh comeu con gusto e agradeceulle de corazón mentres lle daba o derradeiro anaco a Choiva.

Quedaron de verse varios días seguidos e a nena seguía traendo comida, uns días bolachas, outros pan e xamón, ás veces unha mazá....

Dúas semanas despois a nai preguntoulle a Lanka:

-Dende cando comes ti tanto?

-Non quería ocultarcho máis pero tiña medo á túa resposta . Esa comida é para un amigo meu que non ten nada que comer, chámase Aakesh e o seu can, Choiva.
-respondeu a nena.

Tranquila filla. Gustaríame coñecerlos para ver se podemos axudalos dalgunha outra maneira.-díxolle a nai.

Ao día seguinte a nai acompañou a nena e coñeceu por fin a Aakesh e a Choiva. Parecéronlles boa xente e comezou a cavilar a maneira de tiralos desa situación, mais Aakesh díxolle:

-Temos outro problema: tamén está a miña avoa.

A nai ficou abraiada de como Aakesh coidaba da súa avoa. Entón lembrouse daquela casa abandonada que tiña na aldea e da que ninguén precisaba e que estaba aínda habitábel. Entón propúxolles que se mudaran á casa da aldea onde terían un teito e se cultivaban a leira tampouco lles faltaría comida nin auga do pozo e, ao mesmo tempo coidarían da súa casa para que non se convertera nunha ruína.

Eles aceptaron con gusto e a súa vida cambiou para sempre. Eles estiveron moi agradecidos e ambos os dous fixéronse amigos para sempre.

O NENO CAN

Nuria Castro 2º ESO-F

A festa de Lanka seguiu, pero ela non era quen de gozala tras coñecer toda a historia da vida de Aakesh. Bailaba cos seus amigos, pero non paraba de mirar deseguido da comida ao neno, do neno á comida.

Mentres, Aakesh, o “neno can” como o chamaban os convidados de Lanka, continuaba nas beiras da lagoa. Asomouse á superficie do auga e viu o seu rostro reflectido nel. Observou un rapaz pequerrecho, esmirriado, moreno e non moi limpo. Suspirou. Ollou cara ás poucas pombas que quedaban comendo os restos da merenda que lles guindaran os meniños do aniversario.

-Por que non podo ser eu unha desas pombas? Así podería atopar comida sempre, non tería que andar pendente de buscala, daríanma os humanos da cidade -pensou en voz alta. Susurrouno, pero ao oír aquilo dito por el mesmo, desexouno de verdade.

-Tamén me gustaría ser un deles -dixo, referíndose aos mociños da celebración.

Outro suspiro. Unha bágoa esvarou pola súa meixela e caeu no laguiño, formando diminutas ondas e difuminando a súa imaxe. Sería iso o mellor para el? Desaparecer do mundo ao igual que o seu reflexo?

Meditou, sen deixar de chorar. O único que conseguiu tirarlle un sorriso foi o feito de que se fose unha pomba ou calquera outra persoa, non atoparía nunca a Choiva, o seu amado can e leal compañeiro. Tampouco tería a súa avoa, nin unha fermosa nai que faleceu para darlle a vida a el. Unha vida tediosa, mais vida. O seu sorriso seguía medrando.

Un cativo, mentres tanto, foise achegando a el, pouco a pouco, sen se el decatara. Para facer algo que, pensou, sería unha broma, empurrou a Aakesh á auga e fuxiu correndo, rindo ás gargalladas polo que lle fixera ao “neno can”.

Aakesh, pequeniño como era e sen saber nadar, comezou a perder aire e a afogar. Quitou como puido os pantalóns coa comida e guindoullos a Choiva. Ordenoulle que llos levara correndo a súa avoa. O can, pensando que o seu dono só estaba a tomar un baño, seguiu sendo tan fiel coma sempre e obedeceuno. Correu cara ao seu fogar.

Pola contra, o seu amo sabía que aquel era a fin. Chegado certo momento, deixou xa de loitar. Permittiulle á auga encher os seus pulmóns e á morte levalo canda ela. As súas últimas palabras foron:

-Adeus, avoíña. Adeus, Choiva. Deica logo.

E o seu último pensamento:

–Xa vou xunta ti, mamá – dixo na súa mente, pensando que atoparía a súa supostamente falecida nai aló no ceo.

Pechou os ollos. Deixouse levar. E simplemente, morreu. Sentiu que ficaba durmido durante un instante e que, logo, facíase cada vez máis e máis lixeiro. Sentiu que unha forza o elevaba e tiraba del. Sentiu que se deitaba nun lugar brandiño e esponxoso. Sentiu todo e nada á vez.

Ao espertar, comprobou que estaba deitado nunha nube de cores rosadas. E non tiña fame. Ergueuse. Deu uns cantos pasos e asomouse a un buraco que había naquel algodón tan suave. Botou unha ollada cara abaixo.

Viu un parque durante o solpor. Alí no chan, había moitas persoas ao redor de algo formando un círculo e preto delas, un vehículo grande con luces. Distinguiu no centro do coro un meniño na herba. Estaba boca arriba e enchoupado. Tiña os os ollos pechados. Era un rapaciño pequerrecho, esmirriado, moreno e non moi limpo. Era el! E ao seu carón, alí estaba Choiva. Choiva, o seu canciño, o seu compañeiro de aventuras, lambíalle a cara por última vez, cunha mirada tristeira. Canda o animal, unha nena axeonllada chorando pola morte do rapaz. Lanka derramando bágoas por Aakesh. El tamén chorou.

Recolleron o seu corpo mortal e levárono naquel furgón ou o que fose. Despois diso, comezou chover, coma tanto lle gustaba. E co recordo da choiva no corazón, Aakesh empezou a camiñar sobre as nubes, dando zancadas polo resto da eternidade, na procura da súa perdida nai, sen preocuparse de pasar fame.

O NENO CAN

Miriam Álvarez Rodas 2ºESO-C

Lanka chegou á casa cunha expresión seria. Mainiño, meteuse na cama mais non podía durmir. Cando conseguiu conciliar o sono, soñou con Aakesh, cotroso e famélico. Aledouse ao lembrar o espectáculo de apañar a comida cando semellaba un neno can.

Mentres, Aakesh e Choiva dirixíanse até a chabola. A avoa Mayanin aínda estaba esperta.

Aakesh, feliz de apañar bastante comida, sacudiu o peto deixando caer todos os flocos de millo, pipocas e alimentos da festa. A avoa Mayanin agrandou os ollos coma pratos e fitou a comida. Emocionada, ergueuse da cadeira e guindouse cara ao chan atrapando a comida.

Aakesh sorriu emocionado ao ver que a avoa estaba feliz.

Despois de que Mayanin inxirise toda a comida foron deitarse ao leito de palla cun cobertor de la. Choiva asomouse a ventá e axexou o exterior da chabola durante toda a noite.

Á mañá seguinte, Lanka ergueuse axiña tras ter un pesadelo. Soñou con Aakesh na rúa, sen nada que comer e pedindo cartos para un anaco de pan.

Despois de almorzar, Lanka vestiuse co seu vestido azul mariño decidida a atopar a Aakesh.

Aakesh, aínda cheo polo banquete do día anterior foi recoller comida con Choiva, como cada día.

Fozou no colector de lixo mais non atopou nada. Seguiu camiñando cada vez menos animado até que chocou con Lanka que viña con présa . Ela, avergoñada, saudou a Aakesh. El fitouna de pés a cabeza e respondeu ao saúdo medorento.

Lanka dedicoulle un sorriso, agarrouno da man e guiouno a un lugar secreto que descubriu había moito tempo.

A nena, silandeira, meteuse baixo unha matogueira. Aakesh, dubidoso, atreveuse a reptar polo baixo do arbusto.

O que ollou deixouno sen palabras. Ante el atopábase un gran depósito de árbores frutais . Había maceiras, laranxeiras, cerdeiras, plataneiros e millóns e millóns de froitas.

Aakesh deixou-se caer ao chan e botouse a chorar da emoción. A nena apertou a Aakesh sabendo que lle solucionaríaa as súas necesidades.

Aakesh , Choiva e Lanka ían recoller froitas de vez en cando e deixaban as árbores reproducirse. Mayanin e Aakesh formaron un gran negocio de froitas onde acudía moita xente.

Despois de poucos meses conseguiron mercar unha casa preto da casa de Lanka onde están as Casas de Cores.

E por fin Aakesh esqueceuse de ser un neno can.

O NENO CAN

Lucía Silva Domínguez 2º ESO-D

Aakesh, a súa avoa Mayanin e Choiva encontraran unha pequena casiña abandonada e ficaron alí.

Xa pasaran dúas semanas dende que atoparan aquela casa, e aínda que semellaba que as cousas ían mellor, non era así. A avoa Mayanin tiña moita fame e estaba enfermado. Aakesh, cando chegaba de procurar comida, ás veces escoitábaa chorar e queixarse, e cando entraba na casa a avoa ficaba calada e cun sorriso. A avoa Mayanin non quería que o seu neto notase que estaba enferma, mais o que ela non sabía era que o seu neto si que se decatara de que estaba doente.

Mayanin xa era maior, tiña setenta e cinco anos e apenas comía, por iso Aakesh sospeitaba que a súa avoa estaba enferma.

Axiña ía chegar o inverno e con iso as tormentas. Aakesh pensaba o lado bo. Este ano pasarían un inverno mellor. O optimismo de Aakesh rematou o día en que chegou de procurar comida e viu a súa avoa fóra da casa, e persoas ao seu redor. Aakesh entrou na casa e preguntoulle a un home:

-Perdoe señor, que vai facer coa miña casa?

-Neno, que fas ti aquí? Fóra de aquí! Imos derrubar esta casa vella e construír un novo cento comercial. Fóra, neno piollento!- gritoulle o arquitecto ao neno.

-Non vou marchar! Aquí vivimos a miña avoa, eu e o meu can –protestou Aakesh.

O arquitecto botounos fóra e a avoa Mayanin, Aakesh e Choiva ficaron sen casa de novo e regresaron ao anterior lugar onde vivían.

Aakesh estaba moi preocupado pola súa avoa e non podía facer nada por axudala, xa que non tiñan comida nin diñeiro e non podía pagarlle uns medicamentos.

Un día que Aakesh saíu na busca de comida encontrou dez euros ciscados na calzada. Aakesh non dubidou en collelos, necesitábaos. O que non sabía era que facer con eles. Mentres camiñaba encontrou unha froitería na que había un cartel que dicía: “Cesta de froita a dez euros!”. Aakesh xa estaba entrando na froitería para comprala, cando Choiva comezou a ladrar tentando captar a atención do seu dono. Aakesh saíu da froitería e seguiu o seu can. Choiva levouno a un lugar descoñecido para el onde vendían lotaría. O boleto valía oito euros. Aakesh comezou a dubidar entre se comprar a cesta ou a lotaría. Coa cesta comerían unha semana, e a súa avoa melloraría a súa saúde, porén,

se compraba a lotaría podía gañar e comprar as menciñas, unha casa e todo o necesario para eles. O neno fixo caso ao seu can e mercou a lotaría.

Unha semana despois, Aakesh volveu a aquel lugar onde comprara a lotaría e mostroulle o boleto á empregada. A muller, cun sorriso, díxolle Aakesh:

-Neno, tes moita sorte. Acabas de gañar a lotaría! Parabéns!

Aakesk non acreditaba, o seu can ladraba e todos os veciños estaban arredor del. A xente dicía que quería comprar o seu can porque, segundo eles, daba sorte.

E así, Aakesh conseguiu un fogar, comida e a saúde da súa avoa.

*Aquel que encontra a paz no seu fogar, sexa rei
ou aldeán, é de todos os seres humanos o máis feliz*

(Johann Wolfgang Von Goethe)

O VOO DA AGUIA

Natalia Puga Díaz 2º ESO-F

Collidos da man, o home levou a Nadim consigo e sentaron nun banco preto do semáforo. O home faloulle con aquela voz tranquila que tanto lle gustaba.

-O meu nome é Xoán. Quen é a túa irmá, onde está?

Nadim mirouno pensativo, logo ollou para Xeo, este movía o seu rabo dun lado para o outro, como dicíndolle: “cóntallo, é un home de confianza”.

-Chámase Altair, ela... ela está... –a verdade era que non sabía con certeza onde estaba Altair, mais atreveuse a dicir- na nave, con Eles. Eles aseguraban que era moi fermosa e que lles ía dar moitos cartos. Dende hai unhas semanas Altair non se deita ata tarde, Eles danlle bicos e fanlle caricias, mais ela non quere...

Os ollos de Nadim enchéronse de bágoas e Xeo, que se atopaba deitado aos seus pés, ergueuse e lambeulle a man. Coa man que lle quedaba libre Nadim buscou no seu pantalón a folla da aguia. Si, o seu voo estaba preto.

O home comprendeu o inferno que estaba a pasar aquel meniño e decidiu que custase o que custar, ía axudalo a el e a súa irmá.

Cando a noite comezaba a caer, o home deulle a Nadim os cartos suficientes para que Eles non sospeitasen e díxolle moi serio:

-Voute axudar. Mañá vémonos aquí, pero esta vez coa túa irmá.

-Mañá neste banco –dixo Nadim para o confirmar.

Ao chegar á nave, esperou ansioso a volta da súa irmá. Cando Altair chegou, bisboulle moi baixiño o acontecido.

-Mañá irémonos de aquí. Xoán levaranos lonxe da nave. Ti non terás que volver deixar que te acaricien cando non queres e por fin, o noso voo da aguia chegará.

Case deseguido Nadim quedou durmido e soñou co seu voo tan preto del, que case o podía tocar coas mans.

Pola mañá Nadim e mais Altair saíron da nave. Xeo esperábaos fóra e movía o rabo ledado. Parecía saber o que ía acontecer. Chegaron ao banco e, aos poucos minutos, Xoán apareceu. Levounos lonxe, moi lonxe, lonxe d' Eles, para que nunca máis tivesen que facer cousas que non lles gustasen, para poder ir á escola como tantos outros, para

que nunca máis tivesen frío, para poder ser nenos e aledarse de selo...

De cando en vez, os pesadelos asomábanse nos sonhos de Nadim. Eran Eles que volvían para levar consigo a súa irmá e mais el, no entanto xa non lles tiña medo. Xoán sentaba canda el, arroupábao e contáballe historias ata que volvía ficar durmido. Altair tamén durmía sen que o medo se apoderase dela nos seus sonhos. Agora era unha rapaza normal, como todas as que ían con ela á escola. Xamais tería que volver facer cousas que non quería.

O VOO DA AGUIA

Amaia Ibarra Forneiro 2º ESO-D

O amable home e mais eu camiñamos da man ata a nave onde vivía. Alí fitaba a miña irmá, chorando deitada no feble colchón sobre o chan, tapada só cun lenzol sucio e húmido cheo de manchas. Procurei a Eles coa mirada, mais non os atopei. Haberían de ir buscar comida para a noite, e algún anaco de queixo con barolo para o almorzo dos nenos que conseguíramos moedas e nos portabamos ben.

De súpeto, o home fitou irto, sorprendido por aquel espantoso lugar, o que se supoñía que era o meu fogar.

Pasados uns segundos reaccionou e comezou a liberar os nenos que ficaban na estancia coa miña axuda e mais a de Xeo. O que fixen primeiro foi chamar á miña irmá, que contemplaba cunha faísca de esperanza nos seus ollos como os nenos saían correndo cara ao exterior, cara á súa liberdade, onde os agardaban unha morea de policías que lles daban comida e mantas para se cubriren.

Cando os coches se disiparon, fóra da nave só quedaban Altair, Xeo, eu e mais o noso salvador. Eles atopábanse dentro dun vehículo da policía, con semblante inexpresivo e mirada caída. Xeo movía o rabo, coma sempre. Era tan entusiasta... arrincábame un sorriso todos os días.

-Creo que é hora de levarvos ao voso novo fogar. Altair, Nadim, Xeo por fin poderedes gozar da vida como vos merecedes. Fostes realmente afoutos.

-Pero, como? Xa temos casa? Isto adoita levar un certo tempo ata encontrar unha familia- comentou Altair.

-Xeralmente, mais eu levaba xa certo tempo investigando a vosa situación, seguía a Nadim, e cando souben o que estaba a acontecer neste lugar comecei a mover fíos, para que vós e mais os nenos que vivían antes aquí tiverades unha familia e xente que vos coidara como necesidades. Dito isto, imos coñecer os vosos pais.

E alí fomos os catro no coche daquel marabilloso home, ata chegar a unha preciosa casiña. Petamos na porta. Esa foi a primeira vez que observei o sorriso da miña nai. Así comezou a miña nova e mellor vida. Altair e eu viviamos con dous nenos máis, comezamos a estudar e conseguimos vivir como nós decidimos. Conseguimos voar, coma a aguía que observabamos de pequerrechos.

Hoxe en día, Altair traballa nunha escola de ensinanza pública e colabora coma voluntaria nunha organización contra a violencia de xénero. Por sorte, falo con ela e cos meus sobriños cada semana. Gústanos quedar nun estanque. É o meu lugar favorito no mundo. Ás veces inspírome alí para escribir os meus libros. De feito, alí foi onde elaborei o meu libro favorito: O voo da agúa.

O VOO DA AGUIA

Marta Estévez Barreiro 2º ESO-B

-Nadim presentouse e o home tamén.

Chamábase Carlos e, casualmente, era o xefe do grupo contra a explotación infantil. Despois de contarlle todo o que lle pasaba a el e a súa irmá, Carlos dixo unhas palabras que crearon un sorriso na cara de Nadim:

-Tranquilo, voute axudar e xa non pasarás mais medo, nin ti nin a tua irmá.

Pasaron dúas horas, cando Nadim se encontraba nunha sala chea de xente e Carlos estaba a dar un discurso explicando o caso do neno. Nadim ficou abraiado con toda aquela xente disposta a axudar.

-Queres vir á miña casa?- preguntoulle Carlos ao acabar a reunión.

-Si, encantado. Grazas.

Ao chegaren á casa de Carlos, este ensinoulle a Nadim o cuarto onde ía durmir e deulle un bo filete con patacas.

Nadim estaba moi feliz por estar vivindo, por unha noite, como aqueles nenos que vía pasar cara ao colexio, porén aínda tiña o corazón roto pola súa irmá.

-Vannos axudar, Altair, aguanta!- dixo Nadim antes de se deitar.

Ao acordar, viu unha bandexa cun bo almorzo encol da cama. Carlos deuse de conta do seu espertar e foi xunta el.

-Hoxe axudaremos a túa irmá.

Uns minutos despois foron xunto á policía e explicáronlle todo. Nadim díxolles onde se atopaba o edificio e foron ata alí.

-Nadim, onde te metiches?-dixo un deles enfadado.

Mais calou ao ver a policía detrás de Nadim. A policía meteu no cárcere os homes responsables, aínda que seguen a buscar o xefe e levaron a un lugar de acollida os miles de nenos.

-Altair!-gritou alegremente Nadim ao vela-. Xa está todo solucionado. Agora imos ser felices.

Abrazáronse fortemente, coma se non se fosen soltar nunca. Aínda que Carlos tivo

que facer uns procesos de adopción, acabou adoptando os irmáns, e viviron os tres felices e sen medo, só con malos recordos que tentaban esquecer. A súa irmá xa non tivo eses pesadelos en voz alta e el non volveu limpar parabrisas.

PERLA NEGRA

Andrea Freitas Pérez 2 ESO-C

O neno sentíase feliz de ter atopado unha nova amiga e viuna marchar coa promesa de que se verían ao día seguinte. Antes de que ela desaparecese totalmente do seu campo de visión, deuse a volta e botou a camiñar con Néboa ao seu lado. Aínda non avanzara moito cando sentiu a voz de Ana tras el, chamándoo:

-Kai! Kai agarda!

O neno detívose e deu a volta. Ana chegou xunto a el e díxolle:

-A túa casa está moi lonxe?

-Non teño casa, un ciclón levouna, o meu irmán tamén desapareceu e os meus pais marcharon para non volver hai tempo. Pensaba pasar a noite naquela casa, mais igual que antes apareceu a muller do pau. Teño medo de que volva baterme con el- respóndelle Kai triste ao recordar todo o que vivira.

Ana ficou calada, imaxinando o mal que o tiña que ter pasado Kai. De repente sentiuse tan triste como o seu amigo e comprendeu, de pronto, que a Kai o amolaba falar da súa vida e non llo reprochou. Sabía que non podía facer nada polo seu amigo, pois á súa casa non o podía levar. Sabendo que non podía facer nada, a nena despediuse do seu amigo e marchou, moi triste. Kai comezou a camiñar coa cabeza baixa, tiña moita fame e, aínda por riba, como acompañamento á escuridade que daba comezo á noite, sopraba un vento frío. O neno tiña medo e non sabía o porqué. De repente sentiuse máis só do que xamais se sentira e entroulle nostalxia pola súa casa. Atopou no camiño unha caixa de mistos e gardouna no peto do pantalón, xa roto e desgastado polo uso, porque estaba seguro de que o necesitaría para se quentar.

Camiñou durante horas, internouse nun bosque sen sequera decatarse, Néboa comezaba a mostrarse canso, e non moito despois, Kai caeu xunto a unha árbore, esgotado. Ía tanto frío que xa non sentía as pernas, polo que xuntou unhas cantas follas e paus secos e tentou prender un misto para se quecer, mais non os puido acender pola xeadada que acompañaba esa noite. Neno e cadelo tremían de frío e xuntáronse máis buscando calor, non era moito pero fixo efecto e Kai pechou os ollos.

Á mañá seguinte Kai xa non espertou e Néboa deuse de conta de que, con tan só dez anos, o seu amigo marchara para non volver.

A VODA DE LEILA

Carmen Prelchi Gallego 2º ESO-C

A nai de Leila, máis preto do que pensan todos, derrama bágoas de xúbilo mentres rompe a cadea que teceu con herbas secas.

Dende aquel intre Leila foi libre, puido ir á escola coma os nenos. A noticia pronto percorreu o País do Deserto. Unha nena, podía ir á escola e decidir sobre os seus actos coma se dun home se tratase. Cando se deu a coñecer o caso, moitas nenas fixeron o mesmo.

Un día chegou á casa de Leila unha muller. Era da ONU. Ninguén por alí sabía que demo era iso. A muller contoulle a súa historia. Contoulle que a ela a violaban de pequena, pero que agora é libre e percorre o mundo dando a coñecer a súa historia e axudando as mulleres que o precisan. Tamén lle contou que dende esta organización tentaban axudar os máis desfavorecidos. Leila quería ser coma a muller da ONU, libre e independente. A muller díxolle que non se dese por vencida e que loitase polos seus soños. E así foi. Leila estudou moito e cando se fixo maior mudouse á gran cidade. Alí estudaría Políticas grazas a unha bolsa de estudos da ONU. Cando rematou a carreira volveu ao seu país. As cousas mudaran bastante.

Todo o que ela conseguira de pequena fora eliminado pola guerra. Unha guerra devastadora e sen sentido polo control do país. Non esperaba atopar a Area, xa que enfermara gravemente había moito xa, pero si a alguén da súa familia. Soamente estaba a súa nai, que se agochara coas outras mulleres, o resto foran loitar e non volveran. Leila púxose mans á obra, tiña que pór en uso todo o que levaba anos estudando.

Comunicoulle á ONU o que estaba a suceder e, ao día seguinte, xa non había bombas, nin exércitos, nin guerra. Os soldados que loitaran para defender ou para atacar os poboados estaban reconstruíndoos. O traballo da ONU non foi soamente ese, senón que nun prazo dun ano e un día as cousas volveron á normalidade. Leila presentou a súa candidatura para as primeiras eleccións democráticas da historia do País do Deserto e gañounas.

Conta a lenda que o seu mandato foi o máis produtivo e que en oito anos conseguiu a igualdade entre mulleres e homes así como que o seu país mudase de terceiromundista a seren unha das principais potencias mundiais.

A VODA DE LEILA

Hugo Otero Prieto 2º ESO-A

Mais a historia non remata aí. Un bo día, varios meses máis tarde da voda, Leila estaba a xogar tranquilamente co seu can Area, cando o seu pai, Ziyak, volveu do traballo con moi mala cara. Leila ficou onda el é preguntoulle:

-Que che pasa papá? Por que estás tan triste?

-Ai, Leila! É que me van botar do traballo.-dixo seu pai, con cara de excomungado.

-Por que? Se ti es un dos mellores traballadores da túa empresa, e nunca faltaches ao traballo .

-Mira, Leila, xa sei que non vas querer escoitar o que che vou dicir mais... -dixo Ziyak dubidando se debía ou non dicir a verdade.

-Mais ... que ? –insistiu Leila que comezaba a pórse nerviosa.

-Lembras o home co que ías casar hai dous meses, cando coñeciches o bo de Area? -dixo o pai de Leila mentres ollaba para o can que estaba preto.

Pero Leila xa non prestaba atención ao que dicía seu pai, a súa mente estaba chea de lembranzas, lembranzas do que podería ter sido o peor día da súa vida e que, ao final, foi o día no que fixo un moi bo amigo, o día no que marchou o peor dos seus medos, o día no que a súa nai rompeu a cadea que teceu con herba seca, o día no que ... volveu ser libre, o día no que ... volveron ser unha familia.

-Si que o recordo - dixo a rapaza que compartía a súa mágoas coa de seu pai.

-Pois resulta que ese home dirixe unha empresa coa que iamos ter unha fusión que podería significar unha suba de beneficios e do noso soldo, mais recoñeceume na reunión e dixo que non habería trato a non ser que me botaran á rúa.

-Iso é moi inxusto papá! Non hai ningunha outra forma...?

-Aínda que a haxa, xá é tarde de máis – dixo Ziyak mentres lle daba unha carta –. Xa estou sen traballo .

Nese preciso intre, Leila tivo unha idea que non podería fallar.

-Papá, o outro día paseando con Area pola cidade fixen un amigo .O seu pai traballa nunha empresa que está á procura de novos empregados e é o tipo de empresa na que traballabas. Voulle falar de ti e con certeza terás traballo alí .

E así , en poucas semanas , a tranquilidade volveu á casa de Leila .

A VODA DE LEILA

Marcos González Fariza 2º ESO-E

O home, cuxo nome é Ahmed, foise daquela incómoda escena cunha furia inimaxinable. Quedou pensando para si: "Isto non ha ficar así", mentres tomaba o camiñocara ao seu fogar.

Mentres tanto, Leila estaba que non podía nin sequera disimular a súa enorme felicidade. Estivo a piques de casar cun home malo, que non a coidaría nin a trataría como ela merece.

-Es o mellor pai do mundo -repetíalle a cada intre Leila ao seu proxenitor.

-Se o fose, non terías que sufrir como sufriches. Porteime mal contigo e seino.

Mais, a Leila, dáballle igual o que fixese ou dixese seu pai no pasado. Agora está sa e salva, e o que é máis importante: libre. Aínda que sabe que nalgún momento da súa vida ha de casar, non quere pensar niso agora. Só quere vivir este momento tan ledo xunta a súa familia.

Namentres, Ahmed estaba pensando en como podería facer sufrir a esa familia. Deixárono e ridículo e iso el non o perdoaría xamais. Pensou que podería secuestrar á rapaza, ou mesmo matala. Mais decidiu que tomaría esa decisión cando se calmase un pouco. Non quería tomar en quente e tan drasticamente unha decisión semellante. Ficaría só uns días meditando e tentando calmarse, a ver se así se lle pasaba, aínda que só fose un pouco, o seu enfado.

Leila era consciente de que Ahmed non se iría así como así. Algo habería de facer para castigala pola súa humillación. E eses terribles pensamentos non a deixaban acougar nin ficar plenamente feliz, e moito menos durmir. Cada noite que pasaba pensaba que podería ser a derradeira, mais non lle contou nada disto aos seus pais. Non quería alarmalos nin preocupalos o máis mínimo. Mais sufría moito e ninguén podía sabelo.

Tres días despois, Ahmed xa tomara unha decisión. Decidiu ir acusar a Ziyak, o pai de Leila, de estafa. Mais cando ía saír da súa casa para falar coa policía caeu e tivo tan mala sorte que á súa beira se atopaba un conxunto de rochas bastante afiadas. Abriu a cabeza e morreu pouco despois. Ao día seguinte chegou á vila de Leila a nova da morte de Ahmed. Ao sabelo Leila, púxose tan feliz que case se lle sae o corazón do peito. Por fin podería ser feliz de novo.

UNHA TARDE DE BAILE ÚNICA

Laura Rodríguez Rodríguez 2º ESO-B

Despois da festa, a nai de Carlos pasa a recollelo pola casa de Carme. Cando xa está sentado no coche da súa nai, Carme achégase e a través da ventá dálle un bico na meixela.

Carlos sente como se pon colorado mentres a nena lle di:

-Moitas grazas por vir á festa, Carlos.

A súa nai cun sorriso na cara pregunta:

-Carme, este domingo faremos unha comida na casa, gustaríache vir?

A avoa fará a súa torta especial!

Carlos pensa que nada lle gustaría máis que Carme dixese que si, así podería ensinarlle os seus debuxos e os trucos que lle aprendeu a Vento. Carme dubida un segundo e logo sorrí tamén.

-Claro! Teño que pedirlle permiso aos meus pais mais encantaríame ir. Pode esperar un momento a que lles pregunte? –e sae correndo polas escaleiras moi contenta.

A nai de Carlos mírao a través do espello moi seria:

-Carlos, fillo, non che parece mal que invitase a túa amiga, non? Penso que é unha boa rapaza, portouse moi ben contigo e gustaríame agradecerllo. Ademais... a ti tamén che cae ben, non si?

Agora a súa nai riuse abertamente e con ollos pícaros e, antes de que poida contestar, xa está Carme de volta.

-Verémonos o domingo! Meus pais poden deixarme na túa casa arredor da unha da tarde.

-Perfecto Carme, deica o domingo entón.

O coche arranca e Carlos olla cara atrás. Carme non se move, está de pé e dilles adeus coa man. Carlos pensa que é preciosa, co seu cabelo loiro e o vestido azul. De pronto cae na conta de que pasará todo o domingo con ela. Séntese moi feliz. Vento decátase e move a cola compartindo a súa felicidade.

-Mamá?

-Si, Carlos?

-Foi unha gran idea... convidar a Carme, moitas grazas.

-Non é nada, Carlos.

E a súa nai entende que hai moito máis que agradecemento en Carlos e por primeira vez sente que o seu fillo ten unha amiga de verdade.

ÍNDICE

Ángel Castro Fernández (2º ESO-C)	5
Carmen Alonso Barreiro (2º ESO-F)	7
Iago Feal Lois (2º ESO-E)	9
Laura Fernández Carrera (2º ESO-A)	10
Nuria Castro Suárez (2º ESO-F)	11
Miriam Alvarez Rodas (2º ESO-C)	13
Lucía Silva Domínguez (2º ESO-D)	15
Natalia Puga Díaz (2º ESO-F)	17
Amaia Ibarra Forneiro (2º ESO-D)	19
Andrea Freitas Pérez (2º ESO-C)	21
Marta Estévez Barreiro (2º ESO-B)	22
Carmen Prelchi Gallego (2º ESO-C)	24
Hugo Otero Prieto (2º ESO-A)	25
Marcos González Fariza (2º ESO-E)	26
Laura Rodríguez Rodríguez (2º ESO-B)	27